

• CGAI (A Coruña) 6 - 9 - 27 nov. / 20.30 h
24 nov. / 18.00 h

• CGAC (Santiago) 4 - 13 - 19 - 20 dec. / 19.00 h

mirada país / videocreación

Mirada país é un proxecto de exhibicións e debates que, ao longo do tempo e en diferentes ciclos, quere pór en valor a potencialidade da creación audiovisual galega, fóra dos xéneros convencionais e comerciais do cinema e da TV.

Neste outono de 2018, o primeiro ciclo do proxecto vai estar dedicado á videocreación con catro sesións comisariadas por Alberto Carton. Os espazos de proxección serán o CGAI e o CGAC. A proposta provisoria de Alberto Carton é a seguinte e el mesmo sintetiza o criterio aplicado.

Mirada país / videocreación

Alberto Carton

A construción da imaxe videográfica en Galicia desde os anos oitenta do século XX ata o noso presente momentáneo resolve algúns aspectos de carácter creativo, ideolóxico, de compromiso e reivindicación social e, por suposto, estéticos –por tanto, de cultura visual entroncada con culturas individual e colectiva–. Aspectos como a posibilidade de iniciación e acción a través da imaxe cunha caracterización non xeneralista de cuestións básicas como a memoria (descrición do tempo vivido e a súa axialidade co tempo pretendido), o posicionamiento co tempo histórico de referencia ética político-participativa (desde a sexualización intermediaria ás activacións dos fundamentos de xénero, a reivindicación crítica e comprometida co feminismo retrospectivo, aberto e evolutivo, a igualdade transitiva, a atemporalidade impropia da mesma historia), e tamén o tempo histórico de Galicia como entidade-país e como entidade-territorio (daquela, Galicia como entidade humana substantiva).

As explicacións técnicas sobre ferramentas e soportes videográficos, sexa cal for a escolla necesaria á mecánica de rodaxe, sobre procesos e maneiras de filmación ou captura-apropiación de imaxes prefiguradas ou coexistentes con cada un dos marcos temporais creativos e a accesibilidade a novos dispositivos, non se contemplan neste texto. Mais si a imaxe paraartística que se rexistra, imprecisa no seu arrinque mais que neste tempo-agora nos permite indexar certas preferencias estilísticas que á súa vez se acordan coa súa análise estética. Estes dous carrís centrais de estudo evitan, xa que logo, que os aspectos técnicos e formais impidan revisar os indicados e que son fundamentais neste ciclo-exposición.

As obras escolleitas, escaladas en catro sesións (enumeradas noutra apartado) apuntan cara á rehabilitación e reactivación da videocreación na Galicia multicónica evolutiva, cunhas características e imprimacións estilísticas definitorias dunha particularidade sensitiva e dunha territorialidade vigorosa.

Unha vez comezada a década dos anos oitenta do século XX, e forxándose unha identidade plástica colaborativa coa experimentación audiovisual, creadores como Xavier Villaverde,

Ignacio Pardo, Antonio Segade e Eloy Lozano criban a través da filmación as súas preferencias estéticas e estilísticas. Obras que de xeito case xuvenil se adentran nos espazos concisos dos fotogramas guionizados seguindo afectivamente o conxunto experimental estadounidense e alemán dos anos sesenta e setenta. Percorren *Mirada País* pezas que non insonorizan eses ecos, xogando con solarizacións, con claroscuros minerais, co dadaísmo e posdadaísmo como apropiación de segmentos antinarrativos procedentes da televisión (resáltase o rango cotián dos anuncios da incipiente sociedade de consumo xeneralista do Estado como reclamo de dependencia comunitaria) ou do circuíto cinematográfico máis ou menos comercial (que resitúa o recoñecemento de cada autor polas súas evocacións de directores alternativos ou consagrados, insuflando dependencias íntimas coa reutilización desas simpatías). Tamén, como en moitas das obras que integran o programa, entrevense os 'históricos', os primeiros experimentadores das vangardas centrífugas e *optocográficas* como Viking Eggelin, Hans Richter, Marcel Duchamp, Walter Ruttmann e Oskar Fischinger, no non tan afastado período de entreguerras mundiais. Inevitablemente tamén a plástica dese momento na súa contemporaneidade –que predica a efervescencia artística integradora, incontinente e polinuclear en Galicia–, con asomos do Grupo Atlántica en patróns cromáticos e no reforzo da visibilidade texturizada infográfica ao empregar coloracións reactivas habituais nesas artistas plásticas.

Se ben as lecturas actualizadas de rexistros cualificables como videoarte indican coñecemento da historia da cinematografía e da investigación audiovisual durante o século XX, tamén a conxugación con outras artes inmersivas ou de alteridade fugaz infiltran a polisemia multisensorial e a capilaridade aplicada para xerar obras en que dotar de todo tipo de recursos útiles que se dotan de todo tipo de recursos útiles para afastar a videocreación da sobreentendida cinematografía.

Considérase á apropiación de imaxes como un elemento de sedimentación do actual presenciante e presenciable e da re-actualidade histórica. Encabalgamentos que provocan diferentes lecturas posibles e que, aínda que eviten a narración


consciente e obxectiva, denotan a plasticidade recorrente. As fronteiras solubles entre videogravación, videocreación e ligaduras non unísonas subxectivas co videoclip tenden a se confundir, mais isto é debido á xeración necesaria dunha imaxe/forma trascendente no panorama case que adolescente dunha Galicia e España afirmativamente xeneracionais, fortemente inseridas na fecundidade que se quixo transgresa –e democrático/libertaria, socioexpansiva e multifacial– e edificándose estratexicamente sobre a incipiente mercadotecnia da modernidade. Da modernidade epitelial á posmodernidade efémera de deseño festivo e propagandístico, a videocreación galega subsúmese e quizais se engruñe durante os anos noventa (con excepcións, por exemplo, na evolución sistémica de Ignacio Pardo e Teo M. Abad, entre outros), para se erguer con características supraestilísticas nos últimos cinco anos do pasado século ata hoxe. Linguaxes ou estilos creativos individuais, invertebrados por necesidades de transferencia, onde o visual adquire rango propio fronte á especialización específica anterior. Coincide ese momento preciso cos nacementos previos do CGAI e do CGAC, con exposicións sobresalientes onde a videocreación non é mera lateralidade diletante (tardiamente, iso si, se o comparamos con Estados Unidos, Alemaña, entre outros, desde 1972). Así, rexistrando e documentando en cinta ou en dixital (de avanzada probatoria, con procedementos especulativos de comunicación non mediática) os movementos sociais de reivindicación non dogmática, o espectro da problemática de xénero cara a valores positivos alieos á moral titorial pretérita, a ecosexualidade, a reabsorción crítica da Historia –ou historias pluridimensionais–, o individualismo recíproco, o adestramento na imaxe estético-narrativa de tradición plástica, e re-significantes subxectivos (a reinvenção da paisaxe intelectual basal e a preocupación polo recollemento da xeografía humana complementaria). Mesmo na recuperación do «romanticismo tecnolóxico» mencionado por Eugeni Bonet en *En torno al vídeo* (1979) neste tempo-hoxe ante os deslizamentos interactivos e os desprazamentos operantes da aparentemente capturada e extractiva sociedade-obxecto (ou sociedade-*cookie*, ou 'metápolis-data'), imbuída na videomaxe contraconceptual.

● **CGAI (A Coruña)** 6 - 9 - 27 nov. / 20.30 h
24 nov. / 18.00 h

● **CGAC (Santiago)** 4 - 13 - 19 - 20 dec. / 19.00 h

**Sesión I
OS PRESENTES SIMBÓLICOS**


- CGAI / 6 nov. / 20.30 h
- CGAC / 4 dec. / 19.00 h



Xavier Villaverde
Alicia en Galicia Canibal, 1985,
3:49 min.




Ignacio Pardo
Parpadeo, 1986, 3:16 min.
Ojo de pez, 1994, 5:11 min.



Eloy Lozano
Numeralia, 1988, 3:15 min



Antonio Segade
Durme Rainer, xa estás morto,
1987, 5:06 min.




Teo Manuel Abad
Hardo, 1991, 12:25 min.
365, 1991, 9:24 min.
Denantes, 1984, 25:08 min.

● Conversa (CGAI): **Teo Manuel Abad, Xisela Franco.**

● Conversa (CGAC): **Ignacio Pardo, Miguel Mariño.**

**Sesión II
EXPERIENCIA E DEFINIÇÃO**

- CGAI / 9 nov. / 20.30 h
- CGAC / 13 dec. / 19.00 h



Carlos Nieto
Lázar escamoteado, 1995-1997,
1:15 min.



Juan Lesta e Belén Montero
En clave de cromas, 2004, 9:00 min.



Vicente Blanco
El más joven y radiante piloto,
2001, 2:52 min.



Patricia Dopico
Narciso, 2001, 6:01 min.




Xoán Anleo
Fricción, 2002, 3:30 min.




María Ruido
La memoria interior, 2002, 33:00 min.



Simón Pacheco,
39°, 2004, 0:39 min.



Diego Santomé
Out of Nowhere, 2005, 1:42 min.




Rita Rodríguez
Artista cansado, 2013, 8:26 min.

● Conversa (CGAI): **Juan Lesta, Belén Montero.**


● Conversa (CGAC): **Lois Patiño, Félix Fernández.**

**Sesión III
MEMORIA E CONTRASTE**

- CGAI / 24 nov. / 18.00 h
- CGAC / 19 dec. / 19.00 h



Rubén Grilo
El mundo es tuyo, 2008, 35:00 min.



Álvaro Negro
Canción de infancia (a través del ángel), 2009, 8:02 min.



Félix Fernández, 2011,
Ich allein auf fremden wegen (Yo en caminos ajenos), 2011,
6:02 m.




Lois Patiño
Montaña en sombra, 2012, 14:00 min.



Paco Rocha
Dando a luz, 2014, 3:30 min.



Miguel Mariño
Mirando al mar, 2016, 10:25 min.
Ir e vir, 2016, 10:25 min.



Federico Strate
Full diva Battle, 2017, 2:47 min.

● Conversa (CGAI): **Ignacio Pardo, Diego Santomé.**

● Conversa (CGAC): **Antonio Segade, Juan Lesta, Belén Montero.**

**Sesión IV
OS PRESENTES PROXECTADO**

- CGAI / 27 nov. / 20.30 h
- CGAC / 20 dec. / 19.00 h



Ignacio Pardo
Paseantes en la playa, 2003,
7:33 min.




Xoán Anleo e Uqui Permuy
Asuntos internos, 2007, 22:40 min.




Juan Lesta e Belén Montero
Estiven en Galicia e lembreime de ti, 2006, 5:46 min.
Iconoscopio, 2010, 21:28 min.



Roge Fdez
EX-TRAN-GE, 2011, 10:11 min.



Xisela Franco
Vía Láctea, 2016, 4:00 min.



Federico Strate
Henri Hudson e hijo, 2011, 20:38 min.



Carla Andrade
El paisaje está vacío y el vacío es paisaje, 2017, 17:00 min.




Mar Caldas
Fiera enjaulada, 2006-2016,
2:35 min.

● Conversa (CGAI): **Antonio Segade, Federico Strate.**

● Conversa (CGAC): **Carme Nogueira.**



Sala de Proxectos do CGAC durante todo o ciclo



Carme Nogueira
Porteños, 2010.



Pamen Pereira
Tampoco el mar duerme, 2015.



Manuel Eirís
Praça da Figueira, 2012.



Rubén Ramos Balsa
Autorretrato con Mimo, 2006.

Xavier Villaverde
Ignacio Pardo
Eloy Lozano
Antonio Segade
Teo Manuel Abad
Carlos Nieto
Juan Lesta
Belén Montero
Vicente Blanco
Patricia Dopico
Xoán Anleo
María Ruido
Simón Pacheco
Diego Santomé
Rita Rodríguez
Rubén Grilo
Álvaro Negro
Félix Fernández
Lois Patiño
Paco Rocha
Miguel Mariño
Federico Strate
Uqui Permuy
Roge Fdez
Xisela Franco
Carla Andrade
Mar Caldas
Carmen Nogueira
Pamen Pereira
Manuel Eirís
Rubén Ramos Balsa

